

# Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal

## Transporte adaptado



XUNTA DE GALICIA

# 902 222 065

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal está á vosa disposición, mediante vehículos de transporte adaptados ás necesidades das persoas con mobilidade reducida.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon á disposición das persoas con discapacidade ou dependentes unha rede de transporte, en toda Galicia, para favorecer as súas necesidades de desprazamento.

Trátase dun servizo de carácter programado e non urgente que deberá ser solicitado cunha antelación de 48 horas chamando ao teléfono

# 902 222 065

## Vostede pode chegar...



### DESTINATARIOS

Residentes en Galicia, que teñan recoñecida a súa situación de dependencia, en calquera dos seus graos, ou de discapacidade –a partir do 65 por cento– e acreditada a súa imposibilidade de utilizar medios de transporte colectivos.

### DESPRAZAMENTOS QUE CUBRE O SERVIZO, POR ORDE DE PRIORIDADE

Acudir a consultas ou tratamentos do sistema sanitario cando o desprazamento non sexa competencia do devandito sistema.

Traslados a/ou desde as residencias, centros de día ou a outros centros sociais do Sistema Galego de Benestar ou de carácter privado.

Trasladarse para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal, tales como:

- asistencia a xulgados, notarías, xestións de carácter legal ou administrativo;
- actividades relacionadas co coidado persoal, terapéutico, rehabilitador ou estético;
- actividades de carácter sociofamiliar;
- adquisición de bens e servizos necesarios para as actividades da vida diaria.

Trasladarse para a realización de actividades de carácter formativo e educativo.

### APOIO DUN MONITOR EN CADA VEHÍCULO

O servizo inclúe a asistencia dunha persoa acompañante en cada vehículo que será a encargada de recoller a cada usuario ou usuaria no punto máis próximo ao seu domicilio ou lugar de recollida, tanto no inicio como na finalización do servizo.

### COMO PODE VOSTEDE SER BENEFICIARIO/A DESTE SERVIZO

Deberá presentar unha solicitude, segundo o modelo recollido no anexo do Decreto 195/2007, do 13 de setembro, acompañada da documentación seguinte:

- Copia do dni; Certificado de residencia; Certificado de recoñecemento do grao

de minusvalía e/ou da situación de dependencia, no caso daquelas que non o posúan; Informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia sobre a imposibilidade de utilización de transportes colectivos, caso de que esta circunstancia non figure xa no documento citado anteriormente.

- O impreso de solicitude pode descargalo na páxina web: <http://vicepresidencia.xunta.es/index.php>

A solicitude e maila documentación deberá presentala na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

- A Coruña: Tel. 981 288 188 – Enrique Mariñas, s/n. Edificio Proa – Matogrande-15009
- Lugo: Tel. 982 294 444 – Ronda da Muralla, 70 - 27071
- Ourense: Tel. 988 386 194 – Camiño Prado Lonía, s/n - 32872
- Vigo (Pontevedra): Tel. 986 817 669 – Concepción Arenal, 8 - 36201

No caso de cumprir os requisitos, recibirá unha resolución pola que se lle recoñece como persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

### SISTEMA DE PAGAMENTO

A participación das persoas usuarias no pagamento do servizo será gratuíta para as rendas máis baixas. No resto dos casos, calcularase a participación no pagamento en función do prezo por quilómetro e o número de quilómetros percorridos, tendo en conta o volume de renda das persoas usuarias do servizo.

As persoas usuarias disporán dunha tarxeta moedeiro da cal se descontará o custo do servizo demandado no momento de acceder ao vehículo.

### NORMATIVA POLA QUE SE REGULA ESTE SERVIZO PÚBLICO

- Decreto 195/2007, do 13 de setembro (DOG, nº 2002, de 18 de outubro de 2007).
- Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007 (DOG, nº 179, de 16 de setembro de 2008).

# Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal

## Transporte adaptado

Infórmese chamando ao

902 222 **065**

<http://vicepresidencia.xunta.es/index.php>



sistema galego de benestar



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral do Benestar  
Dirección Xeral de Acción Social